

Acta de reunión

Órgano convocado	Equipo docente 1º Integración Social						
Lugar de reunión	Salón de actos.			Ordinaria	X	Extraordinaria	Urxente
Nº de reunión	5	Data	29/11/2018	Hora inicio	11:45h	Hora remate	12:15h.
Moderadora	Irene Sánchez Arines						
Secretario/a							
Propósito	REUNIÓN MENSUAL DE EQUIPO DOCENTE						
Asistentes	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Yolanda Paz, Charo Iglesias, María Penela (subst.Marcos), Edu Quintela, Ángeles Pacios. 						

Temas tratados

1. Aprobación, se procede, das actas anteriores.

Quedan aprobadas as actas do 30/10/18 e 07/11/18.

2. Revisión de acuerdos tomados.

Revisanse os acordos reflectidos tanto na acta do 30/10/18 como na do do 07/11/18 e está todo realizado.

3. Seguimento do traballo de campo.

Polas primeiras impresións, parece que as alumnas está contentas coa experiencia de realizar este traballo.

Lémbrense os prazos de entrega dos traballos (10 de decembro) e da exposición (13 de decembro). Non precisarán entregar ningunha copia impresa, só dixitalizada. As exposicións faranse diante de toda a clase. Cada un dos 6 grupos disporán de 20' para a exposición. Comezarase ás 11:30h, para rematar contra as 14h.

4. Seguimento do alumnado. Incidencias sobre o grupo.

En xeral, o equipo docente cre que se trata dun bo grupo, que funciona ben. Valórase a evolución dalgunha das alumnas:

- *Patricia: non parece tomarse en serio o ciclo, non sabemos se polas súas circunstancias persoais, se polas súas dificultades para a comprensión,...*
- *Fabi: a titora di que falou con ela novamente polas faltas, e preguntoulle polo traballo de campo. Ela di que xa non pensa faltar máis (ten apercibimento en 4 módulos), e o traballo pareceulle unha moi boa experiencia.*
- *Marta Dios: despois de varias peticións por parte da titora para que se dera de baixa, xa o fixo e non aparece na listaxe do XADE.*
- *Elena: tamén, logo dos envíos por correo certificado dos correspondentes documentos, por fin é baixa oficial.*

- *Tamara Albar: coméntase que é moi nerviosa, e que contaxia ese estado ás compañeiras. Que sería necesario falar con ela para tranquilizala. Tamén se cuestiona se a súa actitude é prexudicial para Lidia.*
- *Lidia: aínda que parece unha moza tranquila, ten actitudes impositivas, esixentes, nas que sabe culpabilizar ás demais, pero non recoñecer os propios erros. Debemos prestar atención á súa evolución.*

5. Seguimento das programacións.

Cada docente do equipo indica en que porcentaxe se atopa no cumprimento da programación:

- *Contexto da Intervención Social: 95%.*
- *Metodoloxía da Intervención Social: 85%.*
- *Inserción Sociolaboral: 80%.*
- *Promoción da Autonomía Persoal: 80%.*
- *Atención ás Unidades de Convivencia: 83%.*
- *Formación e Orientación Laboral: 85%.*

6. Rolda de intervencións.

- *Charo pregunta se Alfonso, de 2º e con informe individualizado por ter pendente CIS de 1º, se ao darse de baixa en 2º ela debe seguir adiante co módulo. Entendemos que se sabe mirando no XADE se segue matriculado.*
- *Yolanda relata como foi a intervención das alumnas en FPBásica explicando o iceberg da violencia machista. A clase enteira reuniuse con 7 alumnos/as de ADELE, e a explicación foi demasiado rápida. O alumnado non foi moi receptivo, pero que o profesor tampouco axudou.*

Acordos

3. Seguimento do traballo de campo.

- Realizar un sorteo da orde de exposición dos grupos de traballo. Responsable: María.
- Reservar o taller (aula 203) para o 13 de decembro (falar co profesorado de 2º de Integración afectado). Responsable: Charo.

4. Seguimento do alumnado. Incidencias sobre o grupo.

- Falar con Tamara para que relaxe a actitude. Responsable: Irene.

6. Rolda de intervencións.

- Comprobar de Alfonso segue matriculado en CIS de 1º. Responsable: Irene.

Visto e prace moderadora



Irene Sánchez Arines

O/A secretario/a